

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada na xuntanza do día 01/12/2016

Data	27/04/2016		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:10h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidenta, Olga Alonso Suárez • Vicepresidente, Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Purificación Bernárdez Álvarez • Anxos Collazo Trigo • Santiago Rodríguez Sánchez • Ángeles Crespo Fuster • Antonio Madrid Risque • Eudosia Deza Soto • Cristina López Lobariñas - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Jesús Granja Pereira • Mª Bertila Fernández Pérez • Mª del Carmen Rivas Corbacho • Luisa Rivas García • Yolanda González Larrañaga • Hadriana Prado Lorenzo - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Esperanza Dacosta Dapena • José Manuel Rodríguez Lago • Antonio Vázquez Vázquez • Mª Teresa García Durán • María José Ramos Martínez 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado • Sector docente: José Casas Freire • Sector docente: Rafael Domínguez de la Iglesia • Sector social: Xabier Pérez Igrexas • Sector social: Carlos Baceo Baceo 		
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Sector usuarios: Fernando Vázquez González • Sector usuarios: Alberto Prado Lechuga 		

	<ul style="list-style-type: none"> •Sector usuarios: Yvonne Bouzas Casas •Sector usuarios: Nicolás Fernández Chantada •Sector social:Cándido Cabaleiro Paz •Sector social: Isabel López Lorenzo •Sector social: José Luis Sanz Escribano
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Manuel Estévez Caride substituíndo a Ana Isabel Castro Davila (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).

Orde do día

1. Lectura e aprobación da Acta anterior, se procede.
2. Informe da Presidenta do CEMV
3. Informes das comisións de traballo
4. Propostas de mocións:
 - Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa diante do peche e agrupamento de unidades escolares polo descenso de matrícula.
 - Petición de FOANPAS sobre as actividades inclusivas.
 - Moción de FOANPAS sobre as marquesiñas do transporte escolar.
 - Moción de FOANPAS sobre situación do IES Alexandre Bóveda.
5. Rogos e preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase aprobar a acta da Xuntanza Ordinaria do 16 de decembro de 2015

2.- Informe da Presidenta do CEMV

A Presidenta comeza comunicando que Manuel Estévez Caride substituirá a Ana Isabel Castro Davila temporalmente na asistencia técnica ao atoparse esta última de baixa. Asemade informa de que se lle comunicou un cambio nos membros do sector social, M^a José Ramos Martínez pasa a ocupar o cargo de Javier Sánchez Álvarez como representante das asociacións de persoas con discapacidade e dálle a benvida a esta.

Olga Alonso explica que o pasado 08 de abril **se abriron dúas Escolas Infantís Municipais**, a de Navia (autorizada con 82 prazas) e a de Mestres Goldar (autorizada

con 79 prazas), que dotan á Rede de Escolas Infantís Municipais de 2 equipamentos máis de 0-3 anos, para un total de 8 EIM con capacidade total de 621 prazas.

Informa tamén de que na Xunta de Goberno Local do 08 de abril se aprobou a proposta do procedemento para a xestión directa (PROGRAMA DE AUTOXESTIÓN) polos Consellos Escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do **orzamento municipal de mantemento ordinario e preventivo**, destinando para tal fin a cantidade de 288.160,07.-€.

Explica que recentemente se aprobou a cesión **do contrato de servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo**, adxudicado a “Limpezas del Noroeste (LINORSA)” a favor da Mercantil “MANTELNOR LIMPEZAS”, e en consecuencia a subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivadas do contrato. A finalidade deste acto administrativo que autoriza a cesión é garantir o interese público no cumprimento do contrato e das obrigas que se derivan do mesmo.

Aprobouse tamén na Xunta de Goberno Local o proxecto de **convenio de colaboración coa Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e comarca (FOANPA)** para o ano 2016.

Con respecto ao traslado da sede da **UNED-VIGO ao Auditorio “Mar de Vigo”** informa de que a Deputación Provincial de Pontevedra investirá ate 800.000.-€ para costear integramente as obras de acondicionamento, dotación de mobiliario e os equipos da nova se da UNED no Auditorio “Mar de Vigo”, que contará con trece aulas (tres delas con capacidade para 50 alumnos/as), un salón de actos para 80 persoas e unha sa de lectura pública con capacidade para 240 usuarios/as. Está previsto que ocupe tres plantas do Auditorio e as obras comezarán no verán de 2016, para tentar estar operativa en outono. Neste intre, impártense cinco carreiras (Dereito, Educación Social, Enxeñería, Informática, Enxeñería en Tecnoloxías da Información e Turismo) que suman 600 alumnos/as e están autorizados oito novos graos (Estudos ingleses, ADE, Ciencia Ambientais, Psicoloxía, Ciencia Política e da Administración, Pedagogía, Xeografía e Historia, Historia do Arte) a impartir á espera de que se habilite a nova se no Auditorio Mar de Vigo.

En canto ao programa **“Vigo en Inglés 2016”** que actualmente está en baremación, dicir que este ano houbo unha convocatoria extraordinaria para 150 alumnos/as de 2º BACH, que viaxarán despois de selectividade, e unha convocatoria ordinaria para 420 alumnos/as de 4º ESO, que viaxarán en setembro, o que fai un total de 570 prazas ofertadas.

Informa de que regresaron os **47 alumnos da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)** que obtiveron bolsas municipais para estadias lingüísticas no estranxeiro. Estiveron do 19 marzo ao 02 abril, coincidindo coa Semana Santa, nas seguintes cidades: Londres 34, París 5, Berlín 2, Roma 2, Lisboa 2, Tokio 1 e Pekín 1.

Explica que durante o curso se levou a cabo o **Programa Municipal “Visita o Teu Concello”** coa finalidade de dar a coñecer a estrutura, funcións e competencias co Concello de Vigo e achegar dun xeito didáctico aos escolares ao relevante papel da administración local como garante na prestación de servizos públicos de calidade. Desenvolvéronse 35 visitas didácticas para 1.600 alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria.

Asemade explica que se programaron preto de 750 desprazamentos no marco do programa educativo municipal **“VIGO EDUCA – VIGO POR DENTRO”** que implican o transporte gratuito de preto de 30.000 escolares de educación infantil, primaria, secundaria, Bacharelato e ciclos formativos dos centros de ensino de Vigo para facilitar o coñecemento didáctico-cultural da cidade de Vigo con visitas programadas a distintos centros de interese da nosa cidade; ademais de contar coa ferramenta web versátil e dinámica mediante portal web educativo con información relacionada co patrimonio cultural de Vigo.

Rematouse o programa educativo **“Vigohistoria: A reconquista 2016”** na que participaron 650 escolares de 5º e 6º de primaria e está previsto desenvolver en outubro-novembro 2016 unha iniciativa didáctica sobre a Batalla Naval de Rande que no ano 1702 tivo como escenario a Ría de Vigo e sobre a figura de Xulio Verne.

Acaba de nomearse por acumulación de tarefas por un período contractual de 6 meses, de 2 axudantes de oficios para cubrir xubilacións dos anteriores **porteiros-vixiantes** dos Ceip O Pombal e Cep Celso E. Ferreiro.

Tramitándose neste intre dende o Servizo Municipal de Educación **varios procesos de licitación** para nova contratación de:

- Xestión da EIM Santa Marta.
- Xestión da EM Música.
- Xestión da EM Danza.
- Xestión da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-Trad).
- Xestión do programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas.
- Xestión de Subministro de combustible de gas natural para centros educativos públicos e escolas infantís.
- Prestación do servizo de garda e custodia de chaves dos centros de ensino público de educación infantil e primaria, para que cando soe a alarma de noite dun centro non teña que ir o director
- Prestación do servizo de mantemento e control das tres D (Desratización, Desinsectación e Desinfección) nos centros de ensino público do Concello de Vigo.
- Prestación do servizo de mantemento e control da lexionela nas instalacións dos centros públicos de Vigo.

Rematada a exposición ábrese a rolda de preguntas acerca do exposto. Santiago Rodríguez pregunta se o Concello está facendo de mediador entre a citada empresa de limpeza e os traballadores, xa que parece ser que están acumulando retraso no pago dos salarios. Olga Alonso explica que o Concello pagaba as facturas que se presentaban. Desde o momento que o persoal informou de que non estaban cobrando, o Concello mandou un escrito á empresa esixindo que solucionasen este problema, e estivo mediando. Agora a empresa está en concurso de acredores.

Santiago Rodríguez pregunta se as bolsas de inglés as pode solicitar alumnado que cursa inglés como segunda lingua estranxeira. Pedro M^a Vázquez explica que o que se pide para os alumnos de bacharelato é ter todo o primeiro curso aprobado e unha media mínima en inglés dun 6, sen especificar se é 1^a ou 2^a lingua, e para os de 3^o da ESO pídesese ter 2^o da ESO aprobado e nota mínima de inglés de 7.

Con respecto á Licitación da EI Santa Marta, Purificación Bernárdez, pregunta se se vai facer mención á subrogación de traballadores. A Presidenta explica que non se fala expresamente da subrogación porque non llo permiten os servizos xurídicos pero si inclúen un parágrafo facendo referencia ao convenio e inclúen a lista de traballadores actuais. Como agora está recollido xa no seu convenio que o persoal debe subrogarse, entende que non haberá problema.

3.- Informes das comisións de traballo

Esperanza Dacosta expón o informe da Comisión que preside:

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E DE PLANIFICIÓN EDUCATIVA

A Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa centrouse neste trimestre na recollida de datos sobre a accesibilidade e as barreiras arquitectónicas e sensoriais nos centros educativos da cidade. O 25 de febreiro enviouse unha enquisa a tódolos centros para solicitar datos a este respecto. Ata o de agora obtivemos resposta de 21 CEIP, 3 CEP, 2 EI, 9 CPR, 7 IES e 1 CFP. Está pendente analizar os datos recollidos.

Asemade, estase recollendo información sobre as deficiencias de carácter xeral dos Centros de Primaria a través da presidenta desta Comisión que é a representante na Asociación de Directores de Primaria. Unha vez recollidos todos os datos analizaranse e darase traslado deles á Administración competente en cada caso co fin de que repare as deficiencias.

Por outra banda, e para seguir na traballando na liña de estudo da zonificación e mapa escolar, estanse compilando datos estatísticos de poboación por parroquias e tramos de idade. Unha vez recollidos, a Comisión de Equipamentos pretende facer unha análise da previsión de necesidade de prazas por zonas.

Por último, esta Comisión traballou nunha moción que se presentará neste Pleno acerca das supresións de liñas e/ou grupos en centros de infantil e primaria debida ao descenso de matriculas.

Continúa Bertila Fernández continúa co informe da Comisión Pedagóxica:

INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa reuniuse o xoves 28 de xaneiro para continuar cos traballos iniciados no primeiro trimestre. Nela tomouse a decisión de apoiar as mocións propostas por FOANPAS sobre as actividades inclusivas, as marquesiñas de transporte e sobre o Alexandre Bóveda e que se levarán ao próximo Pleno.

Continúase coa intención de liderar desde o CEMV algunha iniciativa sobre a convivencia no deporte, contando coa implicación das diferentes Concellarías (educación, deportes, igualdade,...). Para isto solicítase a tódolos membros do Pleno que participen aportando ideas ao respecto. A comisión valorará as propostas que se reciban e presentará no último Pleno deste curso unha proposta de actividade coa idea de iniciala no vindeiro curso.

Unha vez máis esta Comisión solicítalle á Concelleira de Educación que retome a idea de facer unha rolda ou comunicado de prensa ou de celebrar un acto tipo *Pleno Municipal pola Educación* que sirva para dar visibilización ao CEMV .

4.- Propostas de mocións:

Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa diante do peche e agrupamento de unidades escolares polo descenso de matrícula.

Santiago Rodríguez expón a moción:

ANTECEDENTES

Nos últimos anos téñense levado a cabo supresións de liñas e/ou grupos en centros de infantil e primaria, sen ter máis criterio que un descenso de matrícula. Este descenso é claramente coxuntural xa que está directamente relacionado co xeral descenso da natalidade que vai parello á crise económica. Os propios datos de poboación por idades, e mesmo a demanda nos niveis e centros afectados, non avalan ningunha redución.

Seguindo os mesmos criterios numéricos, existe a rumoroloxía de que a Xunta pretende suprimir ou agrupar unidades en determinados centros educativos da cidade. Ademais, é sabida a necesidade deste concello de manter o número de unidades escolares públicas e de aumentalas en determinadas áreas. En concreto, a redistribución da demanda que propiciaría a existencia de transporte escolar en todos os centros contribuiría a unha solución positiva para as familias e os centros.

TEXTO:

Polo exposto, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa do Consello Escolar Municipal de Vigo, insta á Consellería de Educación e á Xefatura Territorial a:

Primeiro.-Que non fundamente en criterios numéricos a modificación das unidades nos centros, xa que o descenso poboacional obedece ao momento económico actual, e non pode preverse que sexa unha tendencia que continúe.

Segundo.-Que promova un ensino de calidade no que haxa unha diminución da ratio en Educación Infantil.

Terceiro.-Que dote dos servizos complementarios, especialmente transporte, á escola pública que a sociedade actual demanda e que contribúen a ese ensino de calidade. Estes fan posible que nun centro de ensino non descenda a matrícula: transporte escolar, comedores, aulas matinais...

Cuarto.-Que en centros nos que se detecte escasa matrícula, se faga unha análise e se tomen medidas puntuais que eviten o seu peche. Centros coma o CEIP Paraixal contan cun número baixo de matrícula debido a que se atopan nunha zona de crecemento poboacional lento e que non dispón de servizo de transporte escolar, sería preciso dotar de xeito inmediato de este servizo a este e outros centros que están no mesmo caso.

José Manuel Rodríguez comenta que o sentido da moción lle parece moi ben pero que lle gustaría que se se fixese extensible á concertada. Se non se van a reducir liñas polo descenso de alumnos nos centros públicos, que non se faga tampouco nos centros privados concertados, e que a Xunta manteña o concerto cando a ratio descenda, que se sigan os mesmos criterios.

Purificación Bernárdez pregunta se existe algún outro centro que estea en risco ademais do Paraixal. Anxos Collazo comenta que o Eduardo Pondal está nunha situación similar, aínda que finalmente houbo un incremento de matrícula que salva a situación por este ano. Santiago Rodríguez comenta que hai varios centros, o Sello, o Carballal... nos que descendeu a matrícula. Di que non entende que se tomen medidas negativas cando se poderían tomar medidas positivas que fagan que a situación cambie.

Ángeles Crespo pregunta se ata agora, cando se reducía o número de alumnos na pública se pechaban unidades, ou é algo de agora. Santiago comenta que xa se ven facendo desde fai anos, pero en centros coma o mencionado xa se fixo agrupación antes e agora temen que se pechen unidades.

José Manuel Rodríguez comenta que de todos os xeitos parece que a natalidade vai seguir caendo, co cal o tema é preocupante. Santiago Rodríguez explica que ademais o problema de Vigo é que hai pouca oferta de centros públicos e que está mal repartida. Habería que propiciar a redistribución, para o que sería necesario traballar sobre a zonificación e transporte. A Presidenta pensa que o primordial sería que non se pechase ningún equipamento educativo, e que se apostase polos centros que poidan estar tendo problemas de matrícula. O centro que se nomea na moción é un centro que ten dificultade porque pola súa ubicación un autobús normal non chega ata a porta, pero si se podería facer o transporte cun microbús, e incluso chegaran a falar de compartir autobús cun centro próximo. Iniciativas e ideas hai, o que non hai é apoio. Non pode ser que por non ter un autobús un colexio peche. Comenta ademais que esta circunstancia de pouca matrícula se podería aproveitar para aumentar a calidade do ensino xa que nunca é o mesmo traballar con 18 que con 25 alumnos.

Antonio Vázquez considera que aínda que si é certo que hai unha baixada

demográfica, en Vigo non é tan significativa coma en outras zonas, polo que este argumento non debería se utilizado para rebaixar o número de grupos. Pola contra, tamén pensa que se debería aproveitar para aumentar a calidade, para rebaixar a ratio, mellorar a oferta educativa, aumentar profesorado de reforzo nos grupos que o necesiten,... Facer un tipo de política educativa que xa se fixo noutros lugares como en Asturias hai sete ou oito anos. Lembra que, no caso da pública, unha vez que se perde unha unidade, dificilmente se recupera, e no caso destes centros podemos estar falando de perder un nivel educativo e se desaparece o nivel máis baixo, progresivamente van ir desaparecendo os demais. Explica que pola contra, o número de unidades suprimidas no ensino privado concertado é moito menor e nalgúns casos se suprime unha unidade en primaria ou na ESO e a cambio se lles dá unha unidade na FP básica.

José Manuel Rodríguez di que isto último non é así, xa que na concertada cando non chegas á ratio automaticamente eliminan o concerto e retiran esa aula, e isto pode dicilo o representante da administración presente, en cambio en centros públicos, cando se está por debaixo da ratio téñense dado casos nos que se renegocia e se continúa. O trato debe ser o mesmo para todos. Ángeles Crespo comenta que ela estivo na comisión de concertos e que nalgún caso se aceptan cambios, e pon de exemplo ao CPR M^a Inmaculada, no que querían deixar a ESO e ter ciclos. Explica que solicitaron o cambio de 1^o da ESO por un ciclo medio e seguramente o concederán. Pero que da mesma forma que se fan estes cambios puntuais, cando a ratio diminúe, eliminan os concertos. E nese caso a diferenza é que o profesorado da pública recolócase pero o da concertada perde o seu posto de traballo. Antonio Madrid comenta que na pública tamén pasa cos interinos, que nese caso tamén van á rúa.

Antonio Vázquez di que o exemplo do CPR M^a Inmaculada vén a confirmar que o dito por el se está a facer no ensino concertado. Na pública, iso non acontece. Unidade que desaparece non se recupera.

José Manuel Rodríguez comenta que no ensino público cando un centro ten unha titulación de FP que non funciona que se cambia por outra, como o exemplo do Valentín Paz Andrade. Antonio Vázquez explica que no caso mencionado aumentouse oferta, pero non se cambiou.

Antonio Vázquez pregunta se no caso da concertada tamén teñen rumores de que lles vaian a pechar centros, e ante unha resposta afirmativa demanda que sendo así os representantes do ensino concertado acudan ás comisións de traballo para traballar de xeito correcto, e que surtan de información ás comisións. Porque entón nas comisións non se traballa ben, fanse mocións e logo chegan ao Pleno e non se sacan adiante porque non se tiña a información necesaria, é un traballo perdido. Precísase información. Nesta moción traballouse sobre centros e so se tiña información dos centros públicos. Quéixase de que os compañeiros do ensino concertado non estean presentes nesta comisión de traballo.

Santiago Rodríguez volve á moción e comenta que nela non se di absolutamente nada que pode facer que se entre en conflito entre pública e concertada. A única mención que se fai é “Que dote dos servizos complementarios, especialmente transporte, á escola pública que a sociedade actual demanda” e lembra que os centros concertados teñen todo o transporte que queren, pagado polos pais pero téñeno, mentres que na pública se carece de liñas e hai centros que teñen que pechar por falta de transporte. É por isto que non entende que se xere este debate.

Olga Alonso comenta que aquí o importante que non se perdan dotacións educativas, e hai que traballar con esa idea. Procédese á votación da moción.

Acordos adoptados

Apróbase a moción sobre o peche e agrupamento de unidades escolares polo descenso de matrícula con 19 votos a favor e 1 abstención e decídese remitila á Consellería de Educación

Petición de FOANPAS sobre as actividades inclusivas.

Bertila Fernández fai lectura da petición:

ANTECEDENTES:

No ano 2002 nace en FOANPAS a Comisión NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo). A finalidade desta comisión é traballar polos dereitos dos nenos e das nenas con diversidade funcional e das súas familias. Nun principio, a loita enmarcouse no eido educativo, pero as necesidades destes/as nenos/as van máis alá e abranguen o eido académico, persoal, social, cultural, deportivo, de ocio, etc.

Así, as familias enfróntanse no seu día a día con numerosos atrancos que non facilitan a vida cotiá, entre eles, a falta de oferta de actividades educativas, culturais e de ocio inclusivas nas que poidan participar todos os nenos e todas as nenas, independentemente das súas características e capacidades.

As familias non queremos actividades especiais para os/as nenos/as con diversidade funcional, senón que queremos actividades nas que participen todos os nenos e nenas, e nas que os/as nenos/as con diversidade funcional estean incluídos e interaccionen cos/as seus/súas irmáns/irmás, primos/as, veciños/as, compañeiros/as do colexio, etc.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicita que o Concello oferte actividades educativas, culturais e de ocio inclusivas para que participen todos os nenos e todas as nenas da cidade e que esta oferta se faga nas mesmas condicións que o resto de actividades.

Bertila fernández explica que desde a comisión NEAE se está a facer un esforzo importante pola inclusión e queren facer fincapé na importancia de loitar para que todos os nenos e nenas poidan participar en actividades independentemente das súas características. Hai que traballar en todos os eidos, mesmo no deporte, onde xa hai actividades como a natación que xa son inclusivas nesta cidade. A petición faise para que desde todas as Concellarías se traballe neste sentido e se coiden cousas tan importantes e básicas coma a linguaxe ou as imaxes que se usan para anunciar os programas. Que se teña tamén en conta a diversidade cultural e a igualdade de

xénero. Hai que evitar referirse sempre ao “nenó” ou ao “alumno”, incluír nos carteis rapaces e rapazas con cadeira de rodas, con trazos asiáticos ou coa pel de cor negra,...

Acordos adoptados

Apróbase a petición de FOANPAS sobre as actividades inclusivas por unanimidade

Moción de FOANPAS sobre as marquesiñas do transporte escolar

M^a del Carmen Rivas expón a moción:

ANTECEDENTES

Moito alumnado dos centros educativos públicos da cidade son usuarios/as do servizo de transporte escolar. Existen un elevado número de paradas que coinciden con paradas das liñas de Vitrasa, pero en moitas non hai onde guarecerse. Isto na nosa cidade, supón un grande prexuízo para os nenos e as nenas usuarios/as de transporte escolar xa que a climatoloxía non acompaña e hai moitos días de mal tempo, choiva, vento, temporais, etc.

Esta exposición á adversa climatoloxía supón un grande risco para os/as menores, producíndose situacións moi perigosas, tal e como nos fan saber as ANPAS de varios centros educativos.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se dote de marquesiñas a aquelas paradas onde non hai acubillo. Estas poden ser novas ou reutilizadas das xa retiradas.

Olga Alonso explica que como esta moción xa se presentara na Permanente, ela xa fixo a consulta e explica que lle dixeron que se cubrirían pero que hai que ir pouco a pouco xa que son moitas as paradas que hai. Que de tódolos xeitos se dará traslado á administración competente.

Acordos adoptados

Apróbase a petición de FOANPAS sobre as marquesiñas do transporte escolar por unanimidade.

Moción de FOANPAS sobre situación do IES Alexandre Bóveda

ANTECEDENTES

O IES Alexandre Bóveda está preparado e dotado para atender a cinco liñas educativas. Este é o número de liñas que albergaba ata o curso pasado e o número de

liñas que, dado o espazo físico e material determinado polas súas instalacións, pode atender de xeito adecuado.

A Xefatura Territorial dita Resolución o 5 de febreiro de 2015 pola que ordena un cambio no reparto da adscrición. Antes de producirse esta modificación, o IES Alexandre Bóveda tiña 3 centros adscritos (CEIP Seis do Nadal, CEIP Balaídos e CEIP Pintor Laxeiro) que enchían, xunto cos/coas repetidores/as que puidese haber, un total de 5 grupos que nutrían as 5 liñas do centro. Como consecuencia do cambio na adscrición, na actualidade o IES ten 5 centros adscritos (CEIP Seis do Nadal, CEIP Balaídos, CEIP Alfonso R. Castelao, CEIP Illas Cíes e CEIP Virxe do Rocío), que neste curso deu orixe, xunto cos/coas repetidores/as, a 6 grupos de 1º de ESO.

O Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) o pasado 9 de febreiro de 2015 aprobou en sesión extraordinaria do Pleno un ditame sobre a proposta de modificación da adscrición de determinados centros públicos do Concello de Vigo que remitiu á Consellería de Educación. No punto 7 deste documento xa se advirte que esta situación se produciría, xa que trasladaba a sobrecarga do IES Álvaro Cunqueiro ao IES Alexandre Bóveda, ademais do previsible aumento de poboación en Navia, que a Administración non prevía. (ANEXO I)

A día de hoxe, os centros de primaria adscritos ao IES Alexandre Bóveda suman 7 grupos de 6º de primaria, ao que se suman os/as repetidores/as, polo que a demanda de escolarización será de 7 ou 8 grupos. Por esta razón, a ANPA do IES Alexandre Bóveda e as ANPAS dos CEIPs adscritos ao mesmo asinan un manifesto común no que reclaman unha educación pública de calidade, non masificada e que dea resposta ás necesidades do alumnado e das familias, respectando así o seu dereito fundamental á educación.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Que se faga un seguimento e unha revisión de se a nova adscrición, que prexudica ao IES Alexandre Bóveda, afecta de igual xeito a todos os centros de secundaria que puidesen verse implicados.

Segundo.- Que unha vez obtidos os datos que permitan valorar se a adscrición é acertada ou non, no caso de non selo prantexar canto antes a súa modificación.

Terceiro.- Que se apoie á comunidade educativa do IES Alexandre Bóveda na súa reivindicación diante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Galicia.

ANEXO I. DICTAME DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO, CEMV, SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ADSCRICIÓN DE DETERMINADOS CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO (2015/16)

O documento propón unhas modificacións co obxectivo de liberar a sobrecarga de matrícula que a actual adscrición supón ao IES Álvaro Cunqueiro.

Refírese tamén ao obxectivo de non duplicidade de liñas de transporte escolar polas mesmas rúas para centros públicos diferentes e anuncia unha adaptación durante catro anos académicos, até 2019 (no que finaliza o actual contrato coas empresas de transporte recentemente prorrogado até ese ano).

Contén a descrición de unidades e matrícula actual dos seguintes centros con infantil ou primaria:

CEP Celso Emilio Ferreiro, CEIP Javier Sensat, CEIP Escultor Acuña, CEIP Seis do Nadal, CEIP Balaídos, CEIP Illas Cíes, CEIP Virxe do Rocío, CEIP A Canicouva, CEIP Pintor Laxeiro, CEIP Altamar, CEIP Lope de Vega.

Cambia a adscrición do CEIP Ramón y Cajal sen conexión co obxectivo enunciado e sen fundamentación.

Tras a análise feita pola Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa do Consello Escolar Municipal de Vigo CEMV, dictaminamos que:

1. Non se contempla na proposta unha visión global de mapa escolar para a cidade de Vigo, nun concello urbano como o noso, no que, ademáis de estruturar a rede de centros xa existente, estableza as necesidades de escolarización e prevexa a súa solución, acorde coas perspectivas de evolución da poboación escolar. Neste sentido é evidente a falta de postos escolares especialmente no centro urbano e, na zona que nos ocupa, para atender a crecente poboación escolar da urbanización de Navia.

2. O documento carece da correspondente información dos centros de secundaria, das liñas de transporte e supostas posibilidades de cada centro para acoller o alumnado que se pretende adscribir.

3. A pesar do obxectivo de non duplicidades no transporte e da súa importancia para coñecer as zonas de procedencia do alumnado, o documento non informa das liñas de transporte dos centros afectados. Esta intención de non duplicidade, en si mesmo positiva, é incongruente coa multiplicidade de itinerarios de transporte privado a prazas escolares que están concertadas pola Consellaría de Educación.

4. O documento aproveita para adscribir centro non adscrito, o EEI Hernán Cortés, pero tamén readscribe outro, o CEIP Ramón y Cajal, sen xustificación, deixando cun só centro de primaria ao IES ROU, con capacidade de alumnado.

5. A adscrición dos centros educativos debería basearse na proximidade domicilio-centro (especialmente en infantil e primaria), permitindo a todo o alumnado a posibilidade de gozar dos mesmos servizos en todas as zonas.

6. O transporte debería servir para achegar o alumnado que o necesite, ben pola distribución xeográfica da poboación ou dos centros, ben por unha escolarización cos servizos necesarios adecuada aos seus intereses, ou ben para lograr un axeitado e equilibrado aproveitamento dos centros existentes.

7. A proposta sometida a estudo, querendo liberar o IES Álvaro Cunqueiro dunha adscrición excesiva, sobrecarga ao IES Alexandre Bóveda, co cal non elimina o problema senón que o traslada. Ademáis esquece as necesidades de escolarización da poboación emerxente de Navia-Comesaña, no entorno dos centros afectados.

En conclusión, este Consello Escolar Municipal de Vigo CEMV considera que cómpre corrixir o problema que se xerou no IES Álvaro Cunqueiro cando se eliminou a secundaria no CEP Celso Emilio Ferreiro e non trasladalo a outro centro como fai a

propuesta presentada. Tamén non se debe esquecer a necesidade de escolarización da poboación emerxente de Navia. E precísase unha intervención que reordene e satisfaga as necesidades globais de escolarización da cidade.

Vigo, 19 de xaneiro de 2015
Consello Escolar Municipal de Vigo

ANEXO II. ESCRITO DIRIXIDO DESDE A ANPA DO CENTRO AO XEFE TERRITORIAL

Desde el ANPA del IES Alexandre Bóveda, representada por su Junta Directiva, nos gustaría hacer llegar a las autoridades en materia educativa implicadas, nuestra creciente preocupación en relación al ingreso de alumnado nuevo en el Centro.

Para ello MANIFESTAMOS

- 1- El IES Alexandre Bóveda está preparado y dotado para atender a cinco líneas educativas. Éste es el número de líneas que albergaba hasta el curso pasado y el número de líneas que consideramos que, dado el espacio físico y material determinado por sus instalaciones, puede atender de manera adecuada.
- 2- La Jefatura Territorial dicta Resolución el 5 de febrero de 2015 por la que ordena un cambio en el reparto de la adscripción. Entendemos que, a raíz del cierre de la ESO en el Centro Celso Emilio Ferreiro, que se produce en un momento de expansión demográfica en el Pau de Navia, y como consecuencia de ello, se produce un colapso en las cifras de escolarización adscritas al IES Álvaro Cunqueiro, y ello provoca que, a su vez, se revise y reajuste la adscripción de los centros de primaria y secundaria de la zona. Antes de producirse esta modificación, nuestro IES tenía tres centros adscritos (Seis do Nadal, Balaídos y Pintor Laxeiro) que rellenaban sin duda, junto con los repetidores que pudieran sobrevenir, un total de 5 grupos que nutrían en línea ascendente las cinco líneas del Centro. Como consecuencia del cambio en la adscripción ahora tenemos cinco centros adscritos (Seis do Nadal, Balaídos, Alfonso R Castelao, Illas Cíes y Virxe do Rocío), que en el curso pasado dieron origen, junto con los repetidores, a seis grupos de primero de la ESO.
- 3- A fecha actual, los centros de primaria adscritos a nuestro IES suman un total de siete grupos de sexto. Por otro lado, el número de repetidores previsto se desprende fácilmente de dos indicadores distintos: en primer lugar, el más importante, el dato real sobre número de repetidores en el histórico del Centro (en torno a 20-23 alumnos) que, en todo caso, se verá incrementado por la existencia de un grupo más en primero de la ESO; en segundo lugar, esta estimación se refrenda en los resultados públicos correspondientes a la primera evaluación, que permiten estimar un número aproximado de 25 repetidores para primero de la ESO. Con estos datos estamos ante una demanda de escolarización de siete grupos, siendo realistas, seis siendo muy optimistas, ocho siendo muy pesimistas, en nuestro Centro. Esta demanda, sea cual sea, es absolutamente inasumible.
- 4- A fecha actual también, entendemos que el Centro ya está lo suficientemente masificado. Al alumnado de mayor edad se le permite quedarse en el aula durante los recreos, porque el espacio exterior es claramente insuficiente para albergarlos a todos.

Esto es sólo un ejemplo y un mal menor. Para nosotros, lo prioritario es que la calidad de la enseñanza en el Centro y la oferta educativa, no se vea menguado en el futuro.

Y por ello SOLICITAMOS

- 1- Se revise, para futuros cursos académicos, si la nueva adscripción, que claramente perjudica al IES Alexandre Bóveda, afecta del mismo modo a todos los centros de secundaria que pudieran verse implicados, con el fin de analizar, una vez contrastada con los datos de estos dos años, si ha sido acertada y, en el caso de que no lo sea, se plantee de nuevo.
- 2- Se lleve a cabo, en este curso académico, un **proceso de baremación** en el caso de que la demanda de plazas supere la oferta del Centro establecida en cinco líneas educativas, tal y como establece la Orden de 12 de marzo de 2013 en materia de admisión, en su segundo capítulo, artículo 17. Este supuesto creemos, además, que debería ponerse en conocimiento de las familias del alumnado demandante.
- 3- En ningún caso se contemple la posibilidad de admitir un número de solicitudes por encima de la oferta educativa, puesto que ello solamente es posible en nuestro Centro a costa de recortar la calidad y la oferta de la enseñanza, algo que no deseamos ni las familias de los alumnos que ya están en el Centro, ni las familias de los alumnos que puedan venir y que esperamos no deseen tampoco los responsables en materia educativa. A esta posibilidad nos opondremos con toda la firmeza y los medios posibles.
- 4- Tengan a bien considerar lo que manifestamos, en un momento en el que entendemos ha de planificarse y prever la posible situación con la que nos encontraremos. Agradeceríamos mucho una respuesta por su parte a lo expuesto en este escrito y a la posible decisión que puedan tener en mente aplicar.

ANPA del IES Alexandre Bóveda

Olga Alonso explica que na xuntanza da Com. Permanente se decidiu convidar á directiva e a ANPA do Alexandre Bóveda para que explicaran de primeira man o que lles acontece no centro. A directiva non pode estar, pero si dúas representantes da ANPA ás que se lles dá voz neste momento. Falarán Marta Cisneros, presidenta da ANPA e Trinidad unha compañeira da asociación:

A Presidenta da Anpa achega unha documentación que se reparte aos presentes e se incluírá nesta acta como documentación anexa. Comeza facendo un breve resume para contextualizar o sucedido. Explica que o problema vén de atrás cando a administración decidiu eliminar a secundaria do Celso Emilio Ferreiro quitándolle a consideración de CPI, que era un dos centros adscritos da súa zona. Iso fíxose nunha zona na que os centros públicos que quedaban impartindo a ESO, o Alexandre Bóveda, o Álvaro Cunqueiro, o Santa Irene e o Santo Tomé, xa tiñan demanda suficiente para cubrir todas as súas prazas. Ademais fíxose nun momento no que nesta zona hai un importante crecemento demográfico debido á construción do polígono de vivendas de Navia. A raíz desta decisión orixínase o problema. Os catro centros públicos mencionados non poden facer fronte á demanda de escolarización da zona. Isto, que xa é un problema previsible desde que pecha o Celso Emilio, persiste

porque a administración non o xestiona de xeito adecuado. En primeiro lugar toda a adscrición que recollía o centro pechado trasládase ao Álvaro Cunqueiro. Este centro non tarda nada en explotar e non é capaz de acoller a todos os escolares desviados. De novo é a administración quen decide, e decide revisar a adscrición para remendar o problema. A adscrición era obvio que había que revisala pero a solución que propoñen non é adecuada xa que o que fan e repartir toda a demanda entre os catro centros que xa estaban saturados de inicio. Por tanto, non se resolve o problema, senón que se traslada de centro. A día de hoxe o centro máis afectado é o Alexandre Bóveda, e desde este lévanse uns dous anos facendo chamadas á administración advertíndolles do problema, explicándolles que veñen 7 grupos de primaria e que no seu centro só hai 5 liñas e que a oferta por tanto non é suficiente. A Administración non move ficha e chégase ao día de hoxe no que eles como Anpa deciden dar un paso ao fronte e solicitar que se lles dea unha solución. Desde a Xunta dinlles que son demasiado alarmistas, que hai que esperar aos datos. Cando estos chegan, evidentemente constatan o que se viña dicindo desde facía dous anos. Decídese non aceptar a solución que lles propoñen, habilitar un aula para un sexto grupo facendo obras. Desde a ANPA solicítase primeiro que se bareme entre os centros adscritos, algo que por outra parte está recollido na normativa que se faga cando a demanda supere a oferta. Isto sería unha solución para este curso, mala, pero unha solución. Ademais solicitan a administración que revise a adscrición para solucionar o problema de verdade. Finalmente adoptan unha “solución” non exenta de irregularidades, pola forma na que se leva a cabo. Primeiro dinlles que se vai baremar entre todos os adscritos e finalmente asegúranlles a un dos centros, ao CEIP Castelao, que van estar adscritos ao IES Valladares, dándolles un trato diferente, déixaselles que presenten directamente alí a solicitude cando xa rematou o prazo para facelo, en definitiva, adóptase unha solución chea de irregularidades. Hai que dar unha solución pero non facer un apaño desa maneira. Explica que eles non son quen para dicir cal é a mellor solución, pero si son quen de alcanzar a ver que a adscrición hai que refacela pero seguindo criterios lóxicos, despois de facer un estudo técnico a conciencia. O que non pode é ser o resultado dunha decisión arbitraria que se toma. A adscrición non é un tema banal porque se trata de repartir recursos públicos, e isto hai que facelo da forma máis eficiente posible, e todo cambio de adscrición produce trastornos nas familias. O xefe territorial ten que tomar a decisión de cambiar a adscrición pero antes debe oír á xunta de directores e ao Consello Escolar Municipal. Explica que o equipo directivo levará este tema á Xunta de Directores e eles a través de FOANPAS estano traendo ao Consello. Por iso piden ante este órgano que se solicite a revisión da adscrición e que non sexa “complices” dun traballo de planificación mal feito.

Rematada a exposición iniciase o debate.

Antonio Vázquez felicita en primeiro lugar ás ANPAS aquí representadas, porque a obriga dos Pais non é andar buscando praza para os fillos cando se supón que a teñen garantida. Isto é a crónica dun conflito anunciado que vén como explicaba do cambio que se produce ao deixar de ser CPI o Celso Emilio Ferreiro. Xa naquel momento todo o mundo, asociacións de directores, sindicatos,... lles dixeron á Xunta que lles parecía ben que se dera ese paso sempre e cando se fixera un centro de secundaria en Navia. E naquel momento a administración díxolles que chegado o momento, se era necesario se faría un centro de secundaria. Pasan os anos e no curso 12-13 a Consellería toma a decisión de facer o que chaman “Nova Rede de

centros de Vigo” e isto traspasa o ámbito educativo cando a delegada naquel momento, Bravo Bosch sae na prensa dicindo que se vai facer unha nova rede de centros. Danse un montón de voltas e, aínda que desde este órgano se fan propostas, non se fai unha rede de centro nova, o único que se fai é un parche que o que fai é incrementar o problema. Hai dous problemas neste momento, un problema puntual que hai que arranxar xa porque os rapaces teñen que saber onde van estudar o próximo curso, e hai un problema estrutura que precisa que se solucione, facendo unha nova rede de centros en profundidade. Xa para rematar, comenta que lle chama a atención que o tema da baremación ao que fai referencia a actual normativa, e que neste momento será a solución, aparece por primeira vez na normativa no 2013, na normativa anterior non existía esta posibilidade porque non tiña sentido. Engádesse isto neste ano precisamente para arranxar falta de programación educativa realizada en tempo e forma. Pensa que este Consello debe apoiar esta moción e como cidadán de Vigo, e profesor e director xubilado, agradécelles o seu esforzo e dedicación a estas nais e pais, que en pleno século XXI non deberían ter que preocuparse por isto.

Santiago Rodríguez explícalles que desde a Comisión de Equipamentos levan traballando no tema da zonificación tempo e que xa cando saíra o borrador de zonificación xa se vía que ía a haber este problema, porque xa aparecía a supresión da ESO no Celso Emilio. Desde entón ademais do informe xa se fixeron chegar á Administración diferentes mocións. Apoia o traballo que están a facer desde as ANPAS e a ánimas para que continúen coa loita. E aproveita para chamar a atención sobre un punto que aparece no escrito que achegan, para que non lle pase desapercibido a ninguén, que é que no IES Alexandre Bóveda, se hai falta de espazo case seguro que decidan suprimir o bacharelato artístico, e iso non se pode permitir.

Bertila Fernández agradécelle ás representantes da ANPA deste centro a súa clara exposición e lamenta que teñan que ser as familias as que teñan que alzar a voz e protestar, cando este tema tería que estar máis que resolto. Di que a actitude da administración cara as familias neste asunto é de falta de respecto total, mentíndolles as familias e dándolles largas e incluso ameazándoos con que se están enfadando. Tamén hai unha clara falta de respecto ao alumnado con necesidades educativas especiais que teñen reservadas unhas prazas, non se contemplan, súmanse todas,... Explica que lle solicitaron ao Xefe Territorial unha entrevista desde que as compañeiras se puxeron en contacto con eles e que non recibiron resposta.

Eudosa Deza agradece tamén a exposición da ANPA e comenta que lle parece unha falta de respecto co alumnado e familias pero tamén co profesorado que se senten impotentes ante esta situación, non poden facer ben o seu traballo. Pensa que sería interesante que se fixera algún tipo de mobilización que partira de pais e nais co apoio de todo o consello.

Antonio Madrid tamén lle agradece ás representantes da ANPA do IES Alexandre Bóveda a intervención que fixeron. Como xa se dixo, neste Consello solicitouse á Consellería que se fixera un mapa escolar e incluso se lles deu uns criterios para facelo. O responsable da Consellería, cando saíu o famoso borrador, non quixo explicar os criterios cos que este se fixera. Todo o mundo sabía que o cambio no Celso Emilio ía a traer un gran problema. Pensa que sería interesante facer unha mobilización.

Olga Alonso lembra que neste órgano, tal e como xa se mencionou, se ten traballado na zonificación e se ten solicitado que se solucione o tema do mapa escolar na cidade

de Vigo xa que presenta moitísimos problemas. Lembra que o ditame que saíu deste órgano tras o cambio na adscrición foi desfavorable. No punto 7 destes dicíase: A proposta sometida a estudo, querendo liberar o IES Álvaro Cunqueiro dunha adscrición excesiva, sobrecarga ao IES Alexandre Bóveda, co cal non elimina o problema senón que o traslada. Ademais esquece as necesidades de escolarización da poboación emerxente de Navia-Comesaña, no entorno dos centros afectados. Explica que este informe se asinou o 19 de xaneiro de 2015 e se remitiu á administración

Marta Cisneros intervén de novo para explicar que no documento que se achegou aos presentes, vai un comunicado que asinan conxuntamente a súa ANPA, FOANPAS e os 5 centros adscritos, cos cales están en contacto desde o inicio, dándolles toda a información que teñen, xa que a administración nunca se puxo en contacto con eles. Querían tamén que entendesen cal era a súa postura, porque estaban pedindo que non entrasen todos. Explica que se seguen con máis actuacións que intentarán que se sumen todas as ANPAS da rede pública. Ata o de agora sempre se intentou seguir o cauce que entendían que era o correcto, en primeiro lugar dirixíronse ao inspector de zona, despois á xefatura territorial, á que se lle escribiu en 3 ou 4 ocasións e coa que se solicitou unha cita que aínda nunca chegou. Tamén se dirixiron ao director de centros e ao director de Educación. A todos eles se dirixiron os escritos e comunicados, a a todos eles se lles comunicou que se ían dirixir ao Consello Escolar Municipal, e so lles queda dirixirse ao Conselleiro. Explica que tiveron chamadas da prensa, que eles nunca os chamaron, comenta que tampouco soliviantaron aos pais. So queren vivir o proceso, que se lle dea unha solución. Lamentan que tiveran que ser eles como ANPA quen tiveran que encargarse disto cando xa desde o centro se lle comunicara á administración o problema.

Trinidad, compañeira da ANPA do IES Alexandre Bóveda comenta que á dirección do centro se lle comentou que a revisión da adscrición se faría no primeiro trimestre do curso que vén. Di que eles non entenden por que hai que esperar tanto. Se teñen que facer un estudo concienzudo de poboación, transporte,... canto antes empecen será mellor.

Antonio Vázquez comenta iso lle parece unha argucia. Teñen datos suficientes de poboación e saben cal é o problema. Se esperan a setembro os alumnos que agora están en 4º volverán a ter o mesmo problema o ano que vén.

Rematado o debate, a Presidenta somete a moción á votación:

Acordos adoptados

Apróbase a moción de FOANPAS sobre situación do IES Alexandre Bóveda con 19 votos a favor e 1 abstención

O secretario agradécelles a súa presenza e brinda o apoio e colaboración que desde este órgano se poida dar. As representantes da ANPA do IES Alexandre Bóveda abandonan o Pleno.

5.- Rogos e Suxestións

Bertila Fernández solicita ler un escrito firmado polas ANPAS dos seguintes centros: IES Alexandre Bóveda, IES Álvaro Cunqueiro, IES de Beade, IES O Castro, IES Coruxo, IES Politécnico, IES ROU, IES Rosais II, IES Santo Tomé, IES de Valadares:

FOANPAS, a petición das ANPAS dos IES federadas expón en relación ás listaxes provisionais de admitidos/as, suplentes e excluídos/as na convocatoria extraordinaria para 2º de bacharelato do programa educativo municipal de inmersión lingüística “Vigo en inglés 2016” – Expte. 17632/332 que:

O día 13 de abril, a Comisión de Valoración vén de publicar a resolución provisional da convocatoria extraordinaria para 2º de bacharelato “Vigo en Inglés 2016”.

En dita resolución obsérvase como **alumnado de centros públicos** cunha baremación de 4 puntos (nota de 9 en inglés de 1 de bacharelato) queda fóra da listaxe de admitidos/as namentres alumnado de centros privados entra con só 2 puntos. No sector do ensino público soamente o 41,84% das solicitudes que cumpren cos requisitos da convocatoria conseguen praza, pola contra concédese praza ao 89% dos solicitantes dos colexios concertados ou privados. Só 6 alumnos/as do ensino concertado ou privado quedan sen praza contra os 139 alumnos/as de IES que quedan sen praza cumprindo os requisitos da convocatoria.

Todo o anterior supón unha clara discriminación ao alumnado dos centros de ensino público, polo que manifestamos o noso total rexeitamento a dita resolución.

Cremos que, aínda no caso de admitir ao alumnado de centros concertados e privados a un programa educativo público, o alumnado dos centros públicos tense que ver discriminado positivamente. Pero non só o cremos nós, a propia Xunta de Goberno Local á hora de aprobaren as bases da convocatoria expresouno do seguinte xeito:

“Este proceso selectivo de concorrencia competitiva, outorga unha discriminación positiva na adxudicación dos beneficiarios/as ao alumnado da rede pública que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria extraordinaria específica para a selección do alumnado participante no VIGO EN INGLÉS 2016, fronte ao alumnado da rede privada”

É evidente que as listaxes de admitidos/as non cumpren nin de lonxe co espírito dese punto da convocatoria, senón que pola contra, supoñen unha clara discriminación negativa para o alumnado dos IES públicos desta cidade. A comisión resolveu a convocatoria segundo a literalidade do articulado sen se fixar no espírito da exposición de motivos.

Cando nun proceso de concorrencia competitiva se quere facer unha discriminación positiva cara a algún colectivo (discapacitados no acceso á función pública, mulleres no acceso a postos con pouca representación, etc.), a cota de prazas reservadas para esa quenda ten que ser un mínimo, nunca un máximo. Cando nunha oposición se reserva un número de prazas para persoas con discapacidade, non quere dicir, por suposto, que non poidan aprobar un número maior de persoas con discapacidade. Cando nun ente se reserva un 50% de prazas para mulleres, non pode ser obstáculo para que un número maior de mulleres poidan ser membros.

A discriminación positiva ten que reservar, xa que logo, un número mínimo de prazas para un colectivo, nunca un máximo, senón pódese converter en discriminación negativa como ocorreu neste caso.

As normas, as leis, as convocatorias teñen que producir os efectos para os que foron ditadas e non outros diferentes, e mesmo contrarios, como é o caso desta resolución. Unha interpretación íntegra das bases da convocatoria, e non só do articulado desta, debería levar a interpretar que a cota de 100 prazas reservadas para o alumnado dos centros públicos haina que entender como cota mínima, namentres que a cota de 50 prazas para o sector privado sería un número máximo. Isto é, **se 130 alumnos/as de centros públicos están dentro das 150 mellores notas terían dereito a praza**. Parece claro que isto é a discriminación positiva e isto é o que quería conseguir a Xunta de Goberno na convocatoria.

Por todo o exposto, FOANPAS, respondendo á demanda das ANPAS dos IES abaixo listadas, manifestamos a nosa oposición e rexeitamento a esta resolución provisional e solicitamos que se corrixa, aplicando o criterio de 100 prazas como mínimo e non como máximo para os centros públicos, antes de se converter en definitiva.

Entendemos que a resolución vén dada por un erro na redacción das bases e polo tanto solicitamos a emenda dese erro nesta e en sucesivas convocatorias e resolucións. Solicitamos, polo tanto, que a convocatoria ordinaria de 3º da ESO que está aínda por resolver e que ten o mesmo fallo de redacción non caia neste mesmo erro.

Olga Alonso explica que si se fai discriminación positiva porque para esta convocatoria extraordinaria se ofertan 100 prazas para alumnado de ensino público e 50 para concertado. Di que o certo é que hai máis alumnos demandantes de ensino público. Comenta que nunca pensaron en que ían ter tantas solicitudes en bacharelato e , de feito, baixaron a nota de corte; se na ESO está en 7, en bacharelato baixaron ao 6. Podían ter ofertado máis prazas de bacharelato, pero resultaba imposible que os High School aceptasen a mais rapaces nas únicas datas nas que os rapaces poden viaxar, despois da selectividade, de feito, o alumnado que vai xa terían que estar con alumnado de 1º de alí, porque os de 2º estarían fora.

Pedro Vázquez explica que a convocatoria á que se fai referencia, a de bacharelato é moi singular, e que tiveron que estudala ao detalle. En primeiro lugar para escoller as datas nas que ir. Despois de moitas voltas acordouse que vaian unha vez rematen a selectividade, xa que é o único momento no que poden. Tendo en conta que se está a falar de rapaces preuniversitarios, explica que non crían que foran a ter tanta demanda, xa que pensaron que estarían programando outro tipo de actividades estivais. Foi por iso polo que se baixou xa en inicio a nota de corte. A sorpresa é que hai moita demanda e con moi bos expedientes académicos. Intentou encaixarse da mellor forma posible, e a mellor solución é a que se deu.

A Presidenta explica que a empresa que gañou o concurso, ofertou como mellora 10 prazas máis e pedíuselle que fosen para bacharelato pero foi imposible, xa que, como comentou, tiveron que facer números para darlle acollida a 150 rapaces.

Santiago Rodríguez comenta que está ben que expliquen o complexo que foi o proceso pero que lle dá a sensación de que non contestan á demanda das ANPAS que vai no sentido de que resolución de concesión das bolsas non se corresponde co espírito e as condicións de reparto das bases para alumnado de centros concertados e de centros públicos.

Olga comenta que hai discriminación positiva tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria na que, tal e como se recolle nas bases, hai o dobre número de prazas para a pública que para a privada.

José Manuel Rodríguez Lago comenta que a el non lle parece lóxica esa discriminación negativa de cara a concertada. Olga Alonso explica que neste caso, sendo bacharelato, é pública fronte a privada, non fronte a concertada.

Bertila pide que en todo caso se lle dea unha resposta por escrito a estas ANPAS.

Bertila Fernández informa de que ultimamente reciben a moitas familias de **alumnado NEAE**. Considérase que desde a administración se están facendo moitos recortes e non se están poñendo todos os medios necesarios, tanto materiais como humanos. Faltan especialistas, coidadores,... e explica que nun mes tiveron 12 mediacións. En primaria hai moitas necesidades pero en secundaria a situación agrávase. As familias xa non saben que facer, nos centros non teñen xa medios. É preocupante porque todo se queda en protocolos e intencións pero a realidade é moi diferente. As coidadoras non teñen reguladas as funcións,... Falta sensibilidade e respecto a estas familias.

Yolanda González pregunta con respecto á **proba da LOMCE**, se os nenos que están no centro, están obrigados a facela. Explica que as festas do seu cole lle coinciden coas probas e que os nenos queren participar nas festas. Ao que lle responden que se están no centro teñen que facela, a única solución é que non vaian.

Antonio Estévez comenta que para 6º de primaria as probas serán os días 11, 12 e 13. Están contempladas nunha lei e no centro teñen que pasarlla a todos os alumnos si ou si. Se coincide cun acto teñen que trasladalo. Só se pode cambiar por causa de forza maior sobrevida pero nese caso non é decisión do centro. Este ten que expor o caso e aceptarse ou non a súa petición

Santiago Rodríguez comenta que sempre queda a obxección de conciencia, pero que de xeito individual os nenos non a entenden ben nin é unha cuestión educativa. Que sempre é mellor que sexa unha medida colectiva.

A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:20h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez